


# TRANSFORMANDO II

## ESPAZOS EMOCIONAIS... EMOCIÓNS ESPACIAIS

CENTRO ÁGORA. Lugar da Gramela, 17 15010 La Coruña

15€ CADA OBRADOIRO



### OBXECTIVO

Transformando II ten como obxectivo facilitar un espazo de formación transdisciplinar que convida a explorar os vínculos entre o deseño e transformación de espazos educativos, a creatividade e a pedagogía, os coidados das persoas e do entorno e a coeducación emocional e os seu vínculo co entorno social e físico. Animamos a persoas interesadas nestes ámbitos e nas potencialidades das súas imbricacións a explorar e percorrer xuntas as propostas que nos traen as persoas que convidamos para impartir estes dous obradoiros. Agardamos xurdan faiscas de transformación en nós mesmas, para poder acompañar procesos para a transformación social no eido da educativo, social, arquitectónico, urbanístico...

**OS OBRADOIROS PODEN REALIZARSE DE XEITO INDEPENDENTE**

16 NOV

**PRIMEIRO OBRADOIRO** (35 PRAZAS) 10-14/16-20 **(8H)**

### DESEÑO DE ESPAZOS EDUCATIVOS, APRENDIZAXE E CREATIVIDADE

Neste primeiro obradoiro a porta de entrada á temática será o deseño dos espazos educativos e a transformación intencionada dos mesmos para conectar e facilitar cuestións como a aprendizaxe, a saúde, a creatividade, o desenvolvemento emocional...

¿Cómo adecuar un espazo educativo ás novas metodoloxías de aprendizaxe?

¿Cómo potenciar desde o deseño espazos de motivación, saúde beleza, comunicación e creatividade...?

¿Cómo mellorar os niveis de motivación e participación do alumnado e comunidade educativa?

¿Cómo redeseñar a propia realidade con pouco orzamento?: aulas, baños, pasillos, patios...

IMPARTE:

**SIRO LÓPEZ**

Artista e formador. Especialista en creatividade, espazos educativos e comunicación.

Conxuga a pintura, o deseño, a fotografía, o mimo e as artes escénicas. Exposicións de pintura sobre Derechos Humanos e de fotografía de temática social en España, Estados Unidos y Argentina. Su último libro publicado: Esencia. Diseño de espacios educativos. Aprendizaje y creatividad. Ediciones Khaf Edelvives.

[www.sirolopez.com](http://www.sirolopez.com)

30 NOV

SEGUNDO OBRADOIRO

(25 PRAZAS) 10-14/16-20 (8H)

## BASES E FERRAMENTAS PARA A COEDUCACIÓN EMOCIONAL DE ADOLESCENTES NOS ESPAZOS EDUCATIVOS

Neste segundo obradoiro a porta de entrada para a transformación será a coeducación das emocións. Un obradoiro que facilite un espazo para reflexionar, experimentar e dotarnos de ideas e ferramentas básicas arredor de interrogantes como estes:

¿Por qué é importante traballar as emocións para xenerar pensamento crítico?

¿Cómo podemos coidar e considerar a coeducación con adolescentes nos espazos e tempos educativos formais?

¿Qué ferramentas podemos manexar desde metodoloxías participativas como a educación popular, teatro dxs oprimidxs, ludopedagogía e facilitación de grupos?

¿Temos conciencia da nosa "propia pel", das nosas emocións para acompañar procesos educativos e de transformación social?

IMPARTEN:

# 100TOLAS

## ÁNGELA FRAGA

Pedagoga e educadora social. Activista feminista. Posgrao en Educación Emocional e Master en Cooperación internacional e desenvolvemento. Integrante do grupo de Teatro dxs Oprimidxs 100Tolas desde 2011. Traballa como educadora en proxectos e procesos con adolescentes, mulleres, etc; formadora, mediadora en teatro dxs oprimidxs nas temáticas obxecto do obradoiro.

## REBECA RASO

Formada en cuestións de xénero, xusticia social e igualdade. Doutora en educación, xénero e igualdade. Integrante do grupo de teatro dxs Oprimidxs 100Tolas desde 2011. Formación en facilitación de grupos, expresión corporal e educación ambiental . Traballa como investigadora, formadora, coordinadora e dinamizadora de grupos diversos.

<https://www.facebook.com/gto.corunha>

PERFIL DE ALUMNADO: ALUMNADO E PROFESIONAIS DE ÁREAS RELACIONADAS COA EDUCACIÓN FORMAL E NON FORMAL. ARQUITECTURA, URBANISMO, PARTICIPACIÓN SOCIAL, EDUCACIÓN SOCIAL.

INSCRICIÓN

Máis información e inscricións en [www.galicia.asfes.org](http://www.galicia.asfes.org)